



PROGRAMA DE CONSERVACIÓN DA RAZA CABRA GALEGA

Programa elaborado pola Asociación de Gandeiros da raza Cabra Galega ,asociación oficialmente recoñecida,de acordo o Decreto 149/2011 do 7 de xullo da Consellería do Medio Rural e do Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.

INDICE

1.-SITUACIÓN DE PARTIDA.....	PAX. 3
1.1.-Antecedentes históricos .	
1.2.-Evolución histórica da raza e da súa asociación	
1.2.1.-Área de orixe e sistema de produción.	
1.2.2.-Implicacións sociais, económicas e ambientais.	
1.2.3.-Evolución censual	
1.2.4.-Asociación de criadores.	
2.-OBXETIVOS DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN.....	7
3.-PARTICIPANTES DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN.....	8
3.1.-Explotacións colaboradoras e Asociación de criadores.	
3.2.-Centros de reprodución e almacenamento de seme e banco de xermoplasma.	
3.3.-Centro cualificado de xenética	
4.-ETAPAS DO PROGRAMA E CRONOLOXÍA.....	9
4.1.-Descrición xeral da poboación.	
4.2.-Caracterización racial e dos sistemas de cría.	
4.3.-Establecemento dun programa de conservación in situ e ex situ.	
5.-PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN.EX SITU E IN SITU.....	11
5.1.-Programa de conservación in situ:	
5.2.-Programa de conservación ex situ.CRZG	
5.2.1.-Conservación ex situ in vivo.	
5.2.2.-Crioconservación.Banco de xermoplasma e de embrións e banco de ADN	
6.-OBRIGAS E DEREITOS DOS GANDEIROS NO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN.....	14
7.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E ASESORAMENTO DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN.....	15
8.-DIFUSIÓN DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E USOS SOSTIBLES DA RAZA.....	16
8.1.-Divulgación a través de medios de comunicación.	
8.2.-Certames de gando.	

1.-SITUACIÓN DE PARTIDA

1.1 ANTECEDENTES HISTÓRICOS

As cabras da raza Cabra Galega engloban unha poboación animal que se leva explotando tradicionalmente na comunidade Galega desde tempos remotos, e que veu mermada nas últimas décadas os seus censos de forma alarmante.

Pese a que a raza aparecía recoñecida oficialmente no RD 1682/1997 os traballos de conservación da raza non empezaron ata o ano 2010 cando a Federación de razas Autóctonas de Galicia-BOAGA , en virtude dun convenio firmado coa Xunta de Galicia comezou cos traballos de conservación da raza.

Os exemplares da raza Cabra Galega , atopábanse en rabaños onde predominaban outras razas caprinas , non atopándose pureza racial en case ningunha explotación. Xeograficamente aínda que se atoparon exemplares por toda a comunidade pódese falar de que a maioría apareceron nas zonas de montaña , pertencentes aos Ancares Lucenses , e na comarca da Baixa Limia no sur da provincia de Ourense.

Os datos censales no ano 2010 no que se empezaron os traballos coa raza eran de 271 femias e 24 machos nun total de 43 ganderías, co cal a media de animais da raza por gandería non chegaba aos 7 exemplares.

Para a realización do programa de conservación e recuperación da raza Cabra Galega ese primeiro ano plantexáronse dúas grandes liñas de actuación :

- Establecemento dun Programa “in situ”; formado polos gandeiros que posuían animais da raza, e encabezado pola asociación de gandeiros da raza Cabra Galega - CAPRIGA.
- Establecemento dun Programa “ex situ”; formado por rabaños institucionais para asegurar o mantemento da variabilidade xenética da raza. Este programa foi levado a cabo desde o principio nas instalacións do Instituto ourensán de desenvolvemento económico – INORDE nas instalacións que este ten en Armariz no concello de Nogueira de Ramuín en Ourense.

Ámbalas dúas etapas comezaron simultaneamente xa que debían realizarse deste xeito para poder ser efectivas.

Coa aprobación da Regulamentación específica do libro Xenealóxico da raza Cabra galega DECRETO 149/2011 do 7 de xullo establecéronse as bases para protexer os exemplares da raza e establecer o programa de mellora desta.

1.2.-EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA RAZA CABRA GALEGA E DA SÚA ASOCIACIÓN

A Raza Cabra Galega ten como representante ancestral a *capra aegagrus* e máis concretamente a súa evolución no chamado tronco pirenaico que deu lugar a un gran número de razas caprinas extendidas polas zonas montañosas sobre todo na zona Norte da península.

Determinados caracteres étnicos da raza como son os cornos de tipo Aegagrus nas femias e a presenza dos de tipo Prisca nos machos, fan pensar na influencia dun tronco antigo distinto.

A adaptación que experimentou a raza ás condicións especiais da orografía e da climatoloxía galega déronlle as cualidades e características que nos atopamos nos tempos actuais.

Os censos da raza Cabra Galega sufriron as maiores diminucións coincidindo coa redución da cabana caprina na comunidade galega que pasou de censos por riba dos 600000 exemplares no século XVIII aos case 50000 con que conta na actualidade. Nese descenso continuo de censos a Cabra Galega sufriu se cadra moito máis ao non existir un recoñecemento oficial , nin unha asociación de criadores que traballara pola súa conservación.

A entrada de outras razas procedentes tanto doutras comunidades autónomas como de Portugal , para reempazar en moitos casos os sementais existentes nas explotacións , e así evitar problemas de cosaguinidade, fixo que se reducirán os censos da raza ata a situación crítica coa que nos atopamos actualmente.

1.2.1.-Área de orixe e sistema de produción

Os rabaños de cabras en Galicia sempre estiveron ligados ás zonas de montaña, onde explotábanse en “veceiras” (rabaños comunitarios), normalmente de forma mixta xunto ó gando ovino. Tamén existían pequenos rabaños en zonas de menor altitude, xunto co gando bovino, que servían de produción complementaria.

As cabras ocupaban os terrenos que non eran aproveitables por outras especies atopándose os rabaños máis grandes nas zonas de alta montaña onde escaseaban os recursos.

A explotación destes animais nas zonas de costa viuse moi mermada na época na que predominaron as utilizacións forestais do monte galego.

Cando se fixeron os traballos de prospección os nucleos atopados de exemplares da raza correspondíanse coas zonas de montaña das provincias de Lugo e Ourense , e máis concretamente nos Ancares lucenses e na Baixa Limia.

Na actualidade a raza, críase en toda Galicia, predominando as áreas montañosas, sendo una raza adaptable a calquer tipo de condicionantes ambientais.

O sistema de produción ten como base a utilización dos recursos que ofrece o monte galego , deste xeito a maior parte dos rabaños teñen un manexo extensivo ou semi-extensivo , e adicanse exclusivamente a produción cárnica de cabritos que principalmente se crían de dúas formas :

- Alimentados co leite das nais en sistemas de cria extensivos onde os cabritos saen o monte desde o primeiro día.
- Alimentados co leite das nais e suplementados con cereal nas épocas do ano en que lles é necesario sen sair da corte. Este sistema utilízase onde as condicións para a cría dos cabritos e máis difícil pola climatoloxía e orografía.

Para a comercialización do produto tamen se distinguen dous produtos :

1. O cabrito leital de aproximadamente 2 meses de vida e 4-5 kg de peso en canal, predominantemente na provincia de Ourense.
2. O cabrito adulto de 3-5 meses de vida e 7-9 kg de peso en canal , sendo esta a forma predominante na provincia de Lugo.

Os partos suelen agruparse nos meses de primavera dado que é a mellor época para que as cabras estean ben alimentadas e poidan así criar ben os cabritos, ademáis o consumo principal dos cabritos é durante os meses de verán que é cando se celebran as tradicionais festas gastronómicas na comunidade galega que son a principal saída comercial que teñen os cabritos.

1.2.2.-Implicacións sociais, económicas e ambientais.

O sistema de cria da raza en extensivo ou semiextensivo en zonas de montaña fai que a raza sexa unha fonte de ingresos moi importante nas zonas desfavorecidas e con alto índice de despoboamento do rural galego xogando un papel fundamental na vida de ditas zonas.

O aproveitamento que fan do monte estes animais fannas idóneas para a realización de tarefas de limpeza e desbroces axudando así na prevención dos incendios forestais. Ademáis o aproveitar uns recursos distintos aos que utilizan outras especies pódense compatibilizar coa cría doutros animais.


1.2.3.-Evolución censual

Cando se comezaron os traballos coa raza a dispersión da raza estaba restrinxida as zonas de montaña das provincias de Lugo e Ourense.


Os datos censales no ano 2010 no que se empezaron os traballos coa raza eran de 271 femias e 24 machos nun total de 43 ganderías, co cal a media de animais da raza por gandería non chegaba aos 7 exemplares dato que aínda é mais significativo o ter en conta que a maioría dos exemplares estaban en 2 explotacións unha nos Ancares Lucenses e a outra no Xurés. O gran problema inicial que se atopou foi a escasez de sementais que facían que a perda de exemplares da raza se acentuase ano tras ano.

No ano 2011 o número de ganderías aumentou considerablemente ata un total de 59 criadores e o número de exemplares foi de 410 femias e 55 machos , co cal a media acercouse aos 9 exemplares por gandería. Destacar neste sentido o incremento considerable de ganderías e o que é máis importante a adquisición de machos por parte de criadores que ata ese ano non críaban en pureza.

DISTRIBUCIÓN CABRA GALEGA 2010



DISTRIBUCIÓN CABRA GALEGA 2012



No ano 2012 os censos seguen a incrementarse considerablemente chegando na actualidade aos 64 criadores entre os que cabe destacar a presenza considerable de gandeiros novos con idades cercanas aos 30 anos que están a apostar pola raza e constitúen unha boa base de cara o futuro.

1.2.4.-Asociación de criadores.

A Asociación de gandeiros da raza Cabra Galega (CAPRIGA) constituíuse en setembro do ano 2010 e o seu obxectivo principal é integrar a todos os criadores da raza Cabra Galega interesados na súa conservación e mellora. Na actualidade conta con máis de 60 criadores distribuídos por toda a xeografía galega.

O 13 de abril de 2012, a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería de Medio Rural e do Mar recoñeceu a Asociación de Gandeiros da Cabra Galega como responsable da xestión do Libro Xenealóxico da Cabra Galega e do desenvolvemento do programa de mellora desta raza.

Capriga ten na actualidade un convenio de colaboración coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia – BOAGA para o desenvolvemento de distintas tarefas relacionadas coa raza sendo fundamental o asesoramento de BOAGA para o correcto funcionamento do programa de Mellora .

2.-OBXETIVOS DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN

Segundo a definición existente no artigo 2º do RD.2129/2008, **un programa de conservación** é todo programa de mellora que ten por obxecto o mantemento da diversidade xenética para garantir a conservación dunha raza, encaste, estirpe ou variedade e evitar a súa extinción ou para aumentar os seus censos.

A raza Cabra Galega está catalogada como raza autóctona en perigo de extinción polo Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.

Seguindo as recomendacións nacionais, europeas e internacionais en materia de xestión de recursos xenéticos animais e coñecendo a realidade censal da raza procede a aplicación dun programa de conservación no que prime o mantemento da súa variabilidade xenética, coa conservación da súa rusticidade, fertilidade e capacidade maternais, e a súa evolución censal positiva, ademais de evitar a deriva xenética na raza.

Os obxectivos principais no programa de conservación van encamiñados por unha banda o mantemento da diversidade xenética existente actualmente para garantir a conservación da raza e evitar a súa extinción, incrementar os censos existentes , e por outra banda a realización de todas as accións que conduzan a utilización sostible e o aproveitamento da raza.

O criterio principal dado o diminuído censo de animais co que partimos sempre debe ser protexer e conservar os poucos exemplares que quedan e ir incrementando os censos.

Outros criterios que se deben ter en conta no programa de conservación son :

- Alta capacidade de adaptación o medio ambiente específico no que viven.
- Valor histórico e cultural que teñen nas zonas onde se atopan estes animais xa que contribúen a que non se perdan os valores tradicionais.
- Caracteres de importancia económica xa que nalgúns casos son a principal fonte de ingresos e teñen un produto que aínda se pode potenciar moito máis no futuro pola súa alta calidade.

A hora de establecer os obxectivos de selección debe quedar claro que non se pretende incrementar a produtividade dos animais a costa de perder rusticidade e capacidade de adaptación o medio. O obxectivo é mellorar a produtividade económica sen perder a rusticidade da raza e mantendo o medio natural e os sistemas de explotación tradicionais.

Nun principio non hai intereses en mellorar o tipo carnicero da raza , xa que de tender a incrementos nas masas musculares iso entorpecería o pastoreo tradicional e eliminaría a rusticidade.

3.-PARTICIPANTES DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN

3.1.-EXPLOTACIÓNS COLABORADORAS E ASOCIACIÓN DE CRIADORES.

Serán as explotacións gandeiras dos criadores da raza agrupados na Asociación de gandeiros da raza Cabra Galega – CAPRIGA-, participando obrigatoriamente todos aqueles criadores socios con ganderías rexistradas no libro xenealóxico da raza. *„(segundo o artigo 22 do RD2129/2008 “Para aquelas razas, encastes, estirpes o variedades que tengan aprobado un programa de conservación, la participación en este programa será obligatoria para todos los ganaderos que pertenezcan a la asociación en lo que dispongan las autoridades competentes”)*

3.2.CENTROS DE REPRODUCCIÓN E ALMACENAMENTO DE SEME E BANCO DE XERMOPLASMA.

O **Centro de recursos zootenéticos de Galicia**, en adiante CRZG, sito no Pazo de Fontefiz, actuará como centro de reprodución e almacenamento de seme, posuíndo o banco de xermoplasma e de embrións da raza.

O CRZG ten a consideración de centro de reprodución de referencia para as razas autóctonas galegas en perigo de extinción, e para elo conta coas autorizacións e rexistros como tal ao abeiro do disposto no Real Decreto 841/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recollida, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das

especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos, e cuxos datos están incluídos na aplicación ARCA.

3.3.- CENTRO CUALIFICADO DE XENÉTICA

O abeiro do Decreto 149/2011 do 7 de xullo, o CRZG actuará como centro cualificado de xenética na parte do seguimento e desenvolvemento dos programas de conservación de todas as razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción, e Xenética Fontao S.A. como centro oficial de xenética de Galicia aos efectos de análise de xenes e marcadores xenéticos, e de xenotipos.

4.-ETAPAS DO PROGRAMA E CRONOLOXÍA

4.1.-DESCRIBIÓN XERAL DA POBOACIÓN.

1. Estudos para determinar a orixe e a historia da raza ou agrupación racial (entroncamento filoxenético, influencia da raza noutras poboacións mundiais). ***
2. Censo e distribución xeográfica.****
3. Evolución censual e situación actual (posibles causas de regresión censual e/ou tendencia futura).****
4. Perspectivas futuras da raza e razóns válidas para a súa conservación (pre-estudo socioeconómico).***
5. Características raciais, produtivas, reprodutivas, etc. de interese). ***
6. Inventario censual (real), rexistro e identificación individual (estrutura reprodutiva, subpoboacións definidas). ****
7. Creación dunha asociación de gandeiros que vele polos intereses da raza. ****

4.2.-CARACTERIZACIÓN RACIAL E DOS SISTEMAS DE CRÍA.

1. Caracterización morfoestructural. ****
2. Caracterización faneróptica. ****
3. Caracterización morfolóxica. ****
4. Caracterización xenética (ADN mitocondrial e nuclear).**
5. Descrición socioeconómica dos principais sistemas de produción nos cales utilízase o recurso zootenético. **
6. Definición das entradas e saídas dos sistemas de produción (análise insumo-producto). **
7. Implicacións sociais, económicas, ecolóxicas e ambientais dos sistemas de produción actuais e das súas posibles modificacións.**

** Non comezado.

***En actividade parcial

****Activo en marcha

4.3.-ESTABLECEMENTO DUN PROGRAMA DE CONSERVACIÓN IN SITU E EX SITU.

1. Asegurar unha base xenética ampla para conservar a diversidade xenética dentro da raza, mantendo animais representantes das principais liñas orixinais. ***
2. Incorporar unha filosofía conservacionista aos programas de selección dentro da raza, balanceando a presión de selección e o tamaño efectivo da poboación, evitando excesiva consanguinidade. ****
3. Promocionar a raza a nivel rexional e comprometer aos criadores nun programa de desenvolvemento da raza, que permita a conservación activa in situ mediante a súa utilización sostible. ****
4. Complementar o programa de conservación in situ, cun programa de conservación ex situ, en particular a creación dun banco de xermoplasma onde se realice a criopreservación de seme e embrións. **
5. Definir o sistema de mostraxe dos animais doadores de seme e embrións para o banco de xermoplasma, como un xeito de obterá representatividade da raza e de manter un adecuado nivel de diversidade xenética. **

** *Non comezado.*

*** *En actividade parcial*

**** *Activo en marcha*

5.-PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN.EX SITU E IN SITU.

5.1.- PROGRAMA DE CONSERVACIÓN IN SITU:

Este programa consistirá na conservación do material xenético no seu medio ambiente é dicir, nas explotacións gandeiras dos socios de criadores da raza agrupados na Asociación de gandeiros da raza Cabra Galega – CAPRIGA.

Este programa in situ, pretende manter a variabilidade mediante a conservación,manter e incrementar os censos de esta raza, como recurso xenético actual e para o futuro mediante as seguintes accións:

- ✓ Limitar o uso de sementais no tempo de uso de ditos reprodutores, e por coeficiente de parentesco individual como xeral da poboación co obxectivo xeral de reducir o incremento de endogamia por xeración a un valor inferior o 1%.
- ✓ Promocionar o intercambio de sementais,mediante a autorización da explotación de semental, co criterio dos parámetros xenéticos relacionados coa diversidade.
- ✓ Promover dende a asociación de criadores, nos seus socios, a creación de ganderías monoraciais con efectivos do 100% de animais da raza,mediante a creación de subexplotacións.
- ✓ Cada 3-4 anos farase un análise xeral do libro xenealóxico para evaluar e recalcular os parámetros xenéticos relacionados coa diversidade co fin de comprobar a marcha do programa de conservación

5.2.- PROGRAMA DE CONSERVACIÓN EX SITU.CRZG

O CRZG actuará como centro de obtención e almacenamento de material xenético, posuíndo ademais o depósito do banco de xermoplasma e de embrións da raza.

Así mesmo, o abeiro do Decreto 149/2011 do 7 de xullo dentro do Consello Galego das razas autóctonas de Galicia, ,o CRZG actuará como centro cualificado de xenética na parte no seguimento e desenvolvemento dos programas de conservación de todas as razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción, sendo Xenética Fontao S.A. o centro oficial de xenética de Galicia os efectos de análise de xenes e marcadores xenéticos e de xenotipos.

Este programa debe garantir a permanencia do recurso zootaxonómico, polo que ademais de apoiar ao programa in situ, é de vital importancia asegurar a diversidade xenética da raza, mantendo animais representantes de todas as liñas orixinais.

Consta de dúas vertentes:

5.2.1.-Conservación ex situ in vivo.

Entendido como rabaños de animais vivos fora do seu ambiente natural presentes no Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia, ou ben mediante convenios de colaboración con outras entidades. No caso da Cabra Galega a creación dun rabaño ex situ resulta de vital importancia na raza, dada a precaria situación actual.

Actualmente estase a traballar co Instituto ourensán de desenvolvemento económico – INORDE nas instalacións que este ten en Armariz no concello de Nogueira de Ramuín en Ourense onde se manteñen actualmente 4 líneas xenéticas e onde se prevé que no futuro poidan coexistir todas as líneas existentes.

Os rabaños ex-situ actúan como reservorio para garantir o mantemento de efectivos da raza en casos de desastres. A maiores perséguese unha serie de fins concretos.

- **Mantemento da variabilidade xenética da raza Cabra Galega.**

Este punto resulta de vital importancia na raza xa que nunha poboación cun número tan reducido de efectivos, cada individuo resulta importante para evitar a consanguinidade. O dispor dun rabaño onde podan realizarse cruzamentos dirixidos ao aumento da variabilidade xenética, facilitará en grao sumo o avance do Programa de Conservación de calquera raza, e neste caso da Cabra Galega.

A finalidade deste rabaño será a de agrupar nun mesmo lugar físico todas as liñas da raza, tanto de sementais como de femias. Para lograr este fin traeranse exemplares de todas as ganderías de Galicia de liñas xenéticas distintas da raza.

- **Realización de estudos sobre a raza Cabra Gallega.**

Para a realización de calquera estudio sobre as súas características, contarase cunhas condicións homoxéneas e todos os animais manexaranse da mesma forma para poder extrapolar os datos e que só sexan debidos á raza, a minimización dos factores externos eleva moito a fiabilidade de calquera resultado.

- **Explotación piloto para as explotacións caprinas autóctonas de Galicia, baseada nos recursos naturais en réxime extensivo-semiextensivo.**

Todas as instalacións da finca para o rabaño realizaranse de forma que sirvan de modelo para calquera explotación caprina en Galicia. Deste xeito calquera gandeiro interesado en montar unha nova explotación ou melloralá súa, poderá ter un exemplo a seguir. Todos os materiais e servizos proxectaranse co menor custo posible, pero sempre tendo en conta a súa utilidade e a súa perdurabilidade no tempo.

- **Subministro de femias e sementais aos gandeiros de Galicia.**

Os animais excedentes dos programas de cruzamentos dirixidos, poderán ser incorporados polos gandeiros interesados na raza, nas súas explotacións segundo as directrices que marque a Consellería do Medio Rural, ca finalidade de apoiado programa de conservación in situ.

- **Gandería subministradora de sementais para recollida de seme.**

Dada a importancia xenética que vai ter este rabaño, resulta idóneo para surtir de sementais ao banco de xermoplasma, xa que ademais de dispor de todas as liñas da raza, posuirá o estatus sanitario necesario para a recollida de seme.

Neste rabaño en función dos cruzamentos dirixidos, elixiranse os futuros sementais doadores de seme, estes trasladaranse á sala de recollida de seme do laboratorio, para a realización de doses seminais.

- **Mantemento dun rabaño de Cabra Galega nun estatus sanitario óptimo.**

Este rabaño ademais de ter un control preventivo seguindo un calendario de desparasitacións e vacinacións, tamén terá un control sobre a presenza de determinadas enfermidades baseándose na normativa sobre centros de recollida de seme.

Desta forma garantirase o estatus sanitario do rabaño en todo momento, para evitar deste xeito calquera contaxio dos animais.

- **Comprobación da capacidade de aproveitamento dos recursos naturais da raza Cabra Galega.**

Na actualidade a produción debe estar ligada aos recursos naturais, sendo estas producións compatibles e respectuosas co medio ambiente. Neste tipo de produción as razas autóctonas xogan un papel moi importante, resultando idóneas para explotacións en réxime extensivo-semiextensivo pola súa rusticidade e adaptación ao medio físico no que se desenvolven.

A finalidade será comprobar como a acción do gando, sobre as zonas de monte ou de pasto, resulta favorable xa que as manteñen limpas e polo tanto diminúe o risco de incendios.

5.2.2-Crioconservación.Banco de xermoplasma e de embrións e banco de ADN.

Tal como se indica no RD 2129/2008, de 26 de decembro existirá un banco de xermoplasma no que se conservará o material xenético da raza. Para a obtención e mantemento deste banco o CRZG conta cos centros e equipos cumpridamente autorizados polo órgano competente nesta materia na CCAA de Galicia, dispoñen do seu correspondente código de rexistro e están comunicados ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.

Mediante o uso das biotecnoloxías reprodutivas aplícanse os sistemas de crioconservación do material xenético obtido. Isto implica a colecta e a crioconservación de seme, ovocitos, embrións ou tecidos que poidan ser utilizados para rexenerar a un animal. Prantéxase como unha actividade complementaria á conservación in vivo, tanto ex situ como in situ.

A cuestión fundamental para a críoconservación é saber se, no curto prazo, as instalacións e a competencia necesarias estarán dispoñibles. A loxística para o acceso e mantemento das instalacións de conservación, deberá ser estudada antes de poñer en marcha a críoconservación. Sen embargo, os custos de mantemento ao longo prazo son baixos comparados á conservación ex situ de animais vivos.

Na críoconservación tense en conta así mesmo a conservación de ADN, dado que é un modo máis simple e menos custoso para conservar material zoxenético. O ADN é particularmente interesante como fonte de investigación; xa que é esencial para identificar razas e xenes potencialmente útiles.

O ADN non pode ser utilizado para obter animais vivos da raza, pero resulta de utilidade para obter individuos con algúns xenes particulares da mostra dese ADN, xa que existen evidencias de que esta técnica pode chegar algunha vez a ser factible.

O banco de ADN, establecece en **Xenética Fontao S.A.** baixo a supervisión do CRZG e da asociación de criadores.

6.-OBRIGAS e DEREITOS DOS GANDEIROS NO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN

OBRIGAS:

1. A explotación estará inscrita no rexistro de ganderías do libro xenealóxico e da asociación de criadores, figurando como socio dela a todos os efectos.
2. O código asinado a cada gandería participante, será o REGA asociado o código de rexistro de ganderías vixente na regulamentación do libro xenealóxico.
3. Ter todos os efectivos raciais inscritos no L.X.
4. Ter a lo menos 1(unha) reproductora ,inscrita no LX.
5. Cría en pureza de todos os efectivos raciais da explotación
6. Aceptar as directrices referentes os apareamentos dirixidos con sementais elixidos baixo criterios de baixo coeficiente de parentesco de cada gandería. A tal fin,a asociación autorizará en base os criterios anteriores o semental da explotación, establecendo un estrito réxime de incompatibilidades para determinados cruzamentos con proximidade xenealóxica,podendo chegar a que CAPRIGA, non inscriba animais froito destes apareamentos.
7. O Sistema de explotación será preferentemente en extensivo puro o semiextensivo, non se plantexa explotación en intensivo.
8. Poderanse facer a criterio da asociación de criadores, probas de filiación naquelas ganderías que se consideren, co fin de garantir a fiabilidade dos datos aportados e poder garantir o porcentaxe mínimo de análises que esixen as autoridades competentes.

9. As ganderías deberán participar en todos os programas sanitarios establecidos pola administración competente en sanidade animal, sendo excluídos do programa no caso de ter sanción por non facelo, así como aqueles que asemade dos anteriores poda establecer a asociación de criadores para incrementar a seguridade sanitaria nos intercambios de sementais de acordo a criterios de baixa consanguinidade
10. Permitir os técnicos asinados o programa, a realización das seguintes actuacións na súa explotación:
 - Actualización de datos da explotación.
 - Comprobación de altas e baixas da súa explotación.
 - Calificación de reprodutores.
 - Facilitar a obtención de mostras biolóxicas para os controis xenéticos do programa.
11. Autorizar a CAPRIGA e/ou entidades de segundo grao que coordinen a xestión de libros xenealóxicos, o acceso, en cumprimento da Lei 15/1999, as bases de datos de organismos oficiais con obxectivo de recabar información sobre os animais da gandería.
12. Remisión por parte das ganderías dos partes oficiais de nacementos e baixas a oficina xestora do libro, así como os cambios de propiedade por venda dos animais, e acatar a normativa interna da asociación, en relación os tempos de comunicación de estes movementos.

DEREITOS:

1. A gandería terá dereito a solicitar todas as axudas que se poidan establecer por parte das administracións públicas, e a ser beneficiaria de aquelas derivadas do programa de mellora.
2. Terá dereito a recibir asesoramento técnico e de xestión sobre a explotación e dos seus animais por parte dos servizos técnicos da asociación que xestiona o programa de mellora.
3. Terá dereito a recibir certificacións dos seus animais inscritos e da súa gandería, así como todos os servizos do libro xenealóxico, de acordo coas directrices da asociación de criadores.
4. Terán dereito a recibir formación e información sobre as novidades que atixen a conservación da raza.
5. A recibir as publicacións e os programas de divulgación da raza e dos seus produtos
6. A participar en eventos nos que se promova a raza.
7. Poderá acudir a concursos que se poidan organizar pola asociación de criadores.
8. Cada gandería poderá abandonar voluntariamente a participación no programa, con comunicación previa por escrito dirixida a asociación de criadores.

7.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E ASESORAMENTO DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN

Para o correcto desenvolvemento do programa, se establece unha comisión de seguimento que estará formada por:

1. O inspector da raza.
2. O Director do CRZG, ou persoa en quen delegue, e representación do programa ex situ.
3. O Director técnico da raza ou persoa en quen delegue en representación da Asociación de criadores e do programa in situ.

As funcións, serán:

1. Seguimento do programa de conservación.
2. Aprobar modificacións técnicas no programa de conservación.
3. Aprobación de propostas para a modificación da normativa que regula o libro.
4. Resolución de problemas técnicos que se plantexen no desenvolvemento do programa.

8.-DIFUSIÓN DO PROGRAMA DE CONSERVACIÓN Y USOS SOSTIBLES DA RAZA

Na conservación da raza xoga un papel importante a asociación de criadores (CAPRIGA), xunto coa Federación de razas autóctonas de Galicia-BOAGA que merced ao convenio que ten firmado coa administración coordina as actividades para axustar os custes e a efectividade.

As ganderías da raza seguen un sistema de explotación extensivo-semiextensivo, baseado no aproveitamento dos recursos naturais, mediante o pastoreo como principal fonte de alimentación, que axuda a conservación dos ecosistemas naturais. A raza resulta idónea para este tipo de explotación pola súa alta rusticidade e adaptación ao medio ambiente no que se desenvolve, de tal xeito que a información dirixida a aqueles gandeiros ou futuros gandeiros interesados na raza, se lle profundiza moito neste aspecto da raza.

Outra peza clave é o apoio técnico mediante o asesoramento e formación ao sector gandeiro para mellorar as condicións das explotacións e profesionalizar o sector. Neste punto debe buscarse a adquisición e actualización de coñecementos, co fin de implantalos na súa explotación. Esta labor comeza coa formación dos gandeiros no coñecemento da raza coa que traballan. Sabendo as características da raza podemos explotar as súas vantaxes. A meta é conseguir explotacións integradas no medio ambiente, nas que o gando e os recursos naturais formen unha unidade estable.

A transmisión do coñecemento das normativas aplicables na conservación das razas e fundamental para poder todos camiñar no mesmo senso. Esta formación, moitas veces de dobre vía, técnico-gandeiro e gandeiro-técnico, baseada no coñecemento empírico e da aplicación da teoría zootécnica e realidade de cada explotación, faise de forma contínua xunto co asesoramento técnico antes mencionado. Anualmente faise una proposta de cursos de presenza física de formación en aspectos tanto zootécnicos como de xestión diaria das explotacións.

O asesoramento faise de forma presencial, mediante visitas as propias explotacións e por vía telefónica cando non é precisa a visita a gandería. A frecuencia de visita as explotacións é variable, tendo como obxectivo como media una visita anual mínima que en algures pode supor máis en dependencia de que as ganderías participen nos proxectos de I+D+i ou en exposicións da raza.

As labores que se fan nas explotacións son:

1. **Contraste da veracidade dos datos de rexistros** de nacementos e de censos da explotación adquiridos in situ cos rexistros existentes na base de datos de xestión do libro xenealóxico.
2. **Control da identificación animal, sexo, idade e toma de mostras de sangue se procede para xenotipado**
3. **Descalificación dos animais**, que de acordo coa regulamentación, presentan defectos descalificantes, e tramitación da baixa no rexistro dos distintos libros.
4. **Asesoría in situ sobre manexo na explotación**, na práctica de explotación extensiva, e sobor de todo na práctica de elección de sementais das distintas razas, para control do coeficiente de parentesco.
5. **Asesoría sobre alimentación e nutrición**, incidindo na práctica de alimentación con baixos custes, co aproveitamento dos recursos forraxeiros da explotación, e na adecuada condición corporal tanto para incidir nos índices reproductivos, como na presenza do animal ou animais en exposicións e feiras.
6. **Asesoría zootécnica en campo** no que os veterinarios evalúan os distintos animais para xunto co criador decidir o destino futuro, ben sexa en reprodución, probables sementais da raza, nais da raza, exposición, etc.
7. **Asesoría en acoplamentos**, feita previamente por análise informático na cal se autoriza o acoplamento dos sementais da explotación.
8. **Asesoría na tramitación de axudas e subvencións as explotacións**, mediante información enviada as explotacións, así como asesoría directa en oficiña.
9. **Asesoría sanitaria na explotación**, que se fai procurando a colaboración do criador, o Veterinario da explotación ou da súa ADS, sempre con acción perversiva e nunca terapéutica.

O ter animais inscritos nun Libro Xenealóxico revaloriza a produción da explotación, xa que aumenta os beneficios derivados da súa comercialización e prestixia o traballo dos gandeiros ao criar animais selectos.

Outra estratexia importante dentro do programa é a de diferenciar a produción da raza do resto de produtos existentes no mercado a día de hoxe. A busca dun mercado específico para este tipo de producións aumentará o valor dos animais e prestixia a súa crianza poñendo en valor os rexistros xenealóxicos. O consumidor debe contar con toda a información sobre as características da raza e o seu sistema de explotación, polo que serán importantes as tarefas de divulgación de cara a este obxectivo.

Un aspecto importante no traballo de conservación da raza é o de impulsar comunicacións funcionais para establecer mecánicas de colaboración entre institucións, asociacións e individuos implicados na utilización e a conservación dos recursos zootécnicos. Esta función correspóndelle basicamente ao Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, que velará, como coordinador, para que a comunicación entre todos os axentes implicados nos recursos zootécnicos sexa fluída e siga as liñas directrices do Programa.

O establecemento de colaboracións con outras institucións públicas e investigadoras axudarán a implementar as accións do Programa da Raza. O seu labor centrarase na investigación e desenvolvemento de estudos que melloren a caracterización da raza e os seus produtos.

O establecemento de relacións con entidades científicas servirán de apoio técnico para implementar o programa de seguimento da raza, determinar os axustes necesarios, actualizar os plans, revisar as prioridades, avaliar os progresos realizados, formar ao persoal implicado e divulgar as características da raza (asistencia a congresos científicos, presentación de traballos de investigación, etc.). Na actualidade existen contactos coa Sociedad Española para los recursos genéticos animais (SERGA) e a Red Iberoamericana sobre la Conservación de la Biodiversidad de animais domésticos locais para el desarrollo rural sostenible (CYTED). Todas as partes participantes neste programa de conservación da raza deben aplicar políticas de comunicación e difusión sobre os recursos zootécnicos, coa finalidade de que o maior número de persoas e organismos se sensibilicen da importancia deles.

8.1-DIVULGACIÓN A TRAVES DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Nos medios escritos destacar a participación na publicación da revista AUTOCTONAS, editada por BOAGA, con números anuais variables, con artigos de formación para os distintos criadores, revista dirixida tanto como formación dos criadores existentes como para os novos criadores que se pretenden incorporar a cría de razas autóctonas.

A edición de trípticos informativos sobre as características da raza e dos seus produtos tamén é unha vía importante de difundir e promocionar a raza. Estes suelen renovarse con certa periodicidade incluíndo cada vez que se rediseñan información nova como os resultados de proxectos de investigación ou do propio programa de Mellora.

CAPRIGA, ten presenza en redes sociais, como Facebook e tamén a través da súa propia páxina web (www.cabragalega.com), con contidos formativos e artigos técnicos dirixidos aos criadores.

Anualmente editase un calendario con fotografías de cada unha das razas autóctonas galegas nas que se inclúe a Cabra Galega que se envían os criadores e a toda persoa interesada para facer divulgación fora do ámbito interno.

No respecto a medios audiovisuais, estase a facer divulgación tanto dos aspectos zootécnicos como de produtos, na televisión de Galicia en diversos programas tanto informativos do medio rural como doutros ámbitos como son programas de cociña sen deixar de aparecer noutros medios de ámbito máis local.

8.2.-CERTÁMES DE GANDO.

Asístese a diversas feiras que se celebran ao longo do ano na comunidade galega entre as que hai que destacar a Feira de Silleda, mostra de razas Gandeiras de Galicia, e a Gandagro, feira máis especializada de carácter bianual , onde se amosan tamén os produtos dos criadores de todas as razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.

Nestas ferias ademais de amosar ao público en xeral as características dos animais vivos , faise unha labor de difusión e promoción da raza coa presenza nelas dun técnico da raza que responde a todas as cuestións que se lle plantean por parte dos asistentes sobre a raza e os seus produtos.